

CLAVES DE INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A SOLICITUDE

A.- CLAVES	
1.- TIPO DE TITULAR: 0.- Agricultor individual muller. 1.- Agricultor individual home. 2.- Sociedade. 3.- SAT. 4.- Cooperativa agraria. 5.- CMVMC. 6.- Outras. 7.- Comunidade de bens. 8.- Agrupación de servizos cooperativa de explotacións comunitaria da terra ou de traballo asociado na actividade agraria.	2.- CLASE DE AGRICULTOR: 2.- Agricultor profesional (AP). 3.- Non agricultor profesional.
	3.- SEGURIDADE 1.- Réxime especial agrario da SS conta propia. 2.- Outro da rama agraria. 3.- Outro.
4.- CAPACITACIÓN PROFESIONAL: a) Capataz agrícola, FPI agraria ou nivel de formación agraria máis alto. b) Exercicio da actividade agraria polo menos durante 5 anos. c) Actividade agraria e cursos de capacitación suficientes. d) Mozo que ten realizados cursos por un mínimo de 200 horas. e) Mozo que se compromete a realizar cursos por un mínimo de 200 horas.	
B.- INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A SOLICITUDE Nesta solicitude trátase de recoller os datos para a solicitude de achatarramento dun tractor para a adquisición dun novo. A data da solicitude será a do rexistro de entrada na Administración. Situación da explotación: cubriranse todos os puntos en relación coa localización da explotación. Datos do mozo: - Tipo de titular: segundo o indicado na clave 1. - Clase de agricultor: segundo o indicado na clave 2. 2. Agricultor profesional: segundo o indicado no punto 5 do artigo 2 do R.D. 613/2001. - Tipo de SS: segundo a clave 3. No caso de sociedades cooperativas, ademais de cubrir integramente o anexo II: No punto de titular de explotación do anexo I cubriranse EXCLUSIVAMENTE os seguintes datos: - Tipo de titular: segundo o indicado na clave 1. - CIF. - Nome da entidade. No punto de viabilidade económica da explotación do anexo I: Marcarase cun "X" no cadro de "Outras situacións (artigo 5º.2 desta orde). Realización do estudo económico". No resto dos puntos referentes aos "datos do tractor para achatarrar e novo", a "contía das axudas", "datos bancarios" e "documentación que se xunta" do anexo I: cubrirase integramente segundo o que corresponda.	

ANEXO III



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 POLÍTICA AGROALIMENTARIA
 E DESENVOLVEMENTO RURAL



MINISTERIO DE
 AGRICULTURA, PESCA E
 ALIMENTACIÓN



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS PARA A RENOVACIÓN DO PARQUE DE TRACTORES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	AG462A	AUTORIZACIÓN

AUTORIZO:

Á Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria, para que, conforme o disposto no artigo 2.4º da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información a que se refire o artigo 78.4º c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

_____, ____ de _____ de 200 ____

(Sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.: _____

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN
LOCAL**

Decreto 114/2005, do 28 de abril, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Salceda de Caselas, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto do parque Raíña Aragonta 2ª fase.

O Concello de Salceda de Caselas, en sesión que tivo lugar o día vinte e cinco de xuño de dous mil catro, aprobou o proxecto do parque Raíña Aragonta 2ª fase e, na mesma sesión, acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens nos que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

Que o dito expediente tivo entrada na Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local e, solicitado informe á Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, este foi emitido favorablemente.

Considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que segundo sinala o concello, a actuación é necesaria debido ao estado dos terreos, que son utilizados a modo de vertedoiro incontrolado, sendo abundante a presenza de residuos sólidos urbanos, restos orgánicos inertes e estullos industriais, co conseguinte perigo efectivo e potencial á salubridade pública: presenza de roedores, insectos, contaminación de acuíferos e augas superficiais, emisión de gases e malos olores, que provocan unha deterioración ambiental e degradación dos terreos. Así mesmo, hai que considerar que estes terreos lindan cun colexio e un pavillón deportivo, polo que debido á súa situación son utilizados como lugar de recreo e esparcemento, especialmente por menores, provocando unha situación de evidente risco e perigo para os usuarios.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día viente e oito de abril de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, polo Concello de Salceda de

Caselas, para efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto do parque Raíña Aragonta 2ª fase, debendo, se é o caso, unha vez ocupados os terreos necesarios, obter as autorizacións que fosen necesarias dos organismos competentes, con carácter previo ao inicio das obras.

Santiago de Compostela, vinte e oito de abril de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jesús Carlos Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

Decreto 115/2005, do 28 de abril, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Foz, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de recuperación e rexeneración do bordo litoral da praia de Caosa e acondicionamento da desembocadura do río Ouro.

O Concello de Foz, en sesión que tivo lugar o día dous de abril de dous mil catro, aprobou o proxecto de recuperación e rexeneración do bordo litoral da praia de Caosa e acondicionamento da desembocadura do río Ouro e, na sesión do tres de decembro de dous mil catro, acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens en que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

Este expediente tivo entrada na Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local e solicitados informes á Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, á Consellería de Medio Ambiente e á Dirección Xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, estes foron emitidos favorablemente.

Considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que segundo sinala o concello, a actuación consiste na recuperación e rexeneración de zonas degradadas ambientalmente, por recibir tanto as augas pluviais como as do mar, e permanecer estancadas, o que produce danos no ambiente, e incluso riscos de salubridade á poboación, ademais de malos olores; ordénase con estas obras unha zona que está en pésimas condicións de salubridade, como xa se indicou, e de limpeza en xeral. Así mesmo, tendo en conta